



A Xunta de Persoal de Administración e Servizos, na reunión realizada o día 16 de outubro de 2017 acorda:

- Requirirlle o cumprimento dos prazos que vostede mesmo se marcou na reunión realizada o 11 de setembro, en concreto comprometeuse a que no prazo dun mes, trasladaría á Xunta de Persoal para a súa avaliación a convocatoria e temarios correspondentes ás categorías contempladas na acumulación das Ofertas de Emprego Público. A día de hoxe non recibimos a documentación comprometida.
- Instarlle, unha vez máis, a realizar as actuacións que for preciso para se modifique a Oferta de Emprego Público do ano 2015 rectificando a asignación de dúas prazas ao Grupo E-AP que deben ser do Grupo C2, cumprindo, deste xeito, o acordo de funcionarización.
- Instar, de novo, a axilización dos procesos de promoción interna xa concluídos. Nese caso atópase a promoción do Grupo C1 da Escala Xeral cuxo proceso rematou hai meses (o 26 de maio publicáronse, na web institucional, as cualificacións definitivas).
- Solicitar orzamento extraordinario para a formación externa extraordinaria que xurda no que resta do 2017, de non se realizar esta dotación extraordinaria racharíase o calendario de formación acordado.
- Solicitarlle que se axilice o concurso de méritos convocado no DOG do 17 de abril de 2017.
- Solicitar acceso ao CONVENIO COLAB. CONS.CULTURA, EDUCACION E O.U. E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE I+D+i -- REFORZO DE CAPITAL HUMANO PARA SERVIZOS XERAIS que serve de base para as contratacións no CICA cuxas convocatorias aparecen na sede electrónica o día 10 de outubro.

Atentamente.

A Coruña 18 de outubro de 2017

Asdo.: Xosé Manuel Portela Fernández
Pte. da Xunta de Persoal de Administración e Servizos